



Sábado 5 de marzo, 20:30h.
Auditorio de Rianxo
Entrada libre ata completar aforo

PROGRAMA

Preludio da Traviata.	G. Verdi (1813 - 1901)
Suite nº 3 para orquestra, selección.	J.S. Bach (1685 - 1750)
Obertura Egmont.	L.V. Beethoven (1770 - 1827)
Suite nº2, L' Arlesienne	G. Bizet (1838 - 1875)

A Orquestra do "Espazo de Cámara" da Universidade de Santiago de Compostela nace co obxectivo de impulsar nos mozos universitarios e, por extensión na cidadanía de Compostela, un proxecto educativo e cultural onde o eixo fundamental é a música.

Co patrocinio da Viceritoría de Estudantes, Cultura e Responsabilidade Social , o grupo que conforma a Orquestra da Universidade de Santiago de Compostela, dirixida por Mario Diz, procura de maneira prioritaria a formación musical dos seus membros que, semana tras semana, adquiren un maior compromiso co estudo e a difusión dos valores da música. Para este fin, conta e agradece todo tipo de colaboracións, que se van plasmando de xeito diverso en cada proxecto.

Dende o 2010 a Orquestra da Universidade afondou en proxectos tan ilusionantes como o aniversario de Debussy co concerto de Arpa e Orquestra do mesmo autor, interpretado pola solista Reyes Gómez especialmente convidada para este evento, o Concerto de Violonchelo de Joseph Haydn en Re maior, interpretado por Carlos G. Amigo, o monográfico sobre Astor Piazzolla, e o monográfico sobre a música galega onde o solista Gregori Nedobora interpretou o concerto do violinista galego Manuel Quiroga.

Recentemente interpretou xunto ao coro vigués Gli Apassionati o Magnificat de J.S. Bach e o Gloria de Vivaldi.

En colaboración coa Aula de Teatro da Universidade de Santiago de Compostela realizan unha versión do musical Sweeney Todd de Stephen Sondheim co que no 2015 acadou o premio ao mellor espectáculo do festival de teatro da localidade portuguesa de Covilhã, o premio do público da MITEU de Ourense e o premio ao mellor espectáculo no XVI-ias tarptautinis universitetu teatru forumas en Vilnius, Lituania.

Participa tamén nas Xornadas de Música Contemporánea de Santiago de Compostela dende o seu inicio, que xunto a Sinfónica de Galicia e a Real Filharmonía de Galicia integrase como unha das tres orquestras convidadas.

Incorporándose ao proxecto diversos profesores da Orquestra da Cidade, Real Filharmonía de Galicia, así como profesores relevantes do ámbito musical galego, a Orquestra do Espazo de Cámara está incluída na rede de Orquestras Universitarias Europeas, ENUO, onde participan orquestras de máis de 28 nacionalidades de toda Europa.

COMPOÑENTES

Alba Leiro , Educación Primaria	Mª del Carmen Estevez , Psicoloxía
Ana Lores , Química	Manuel Fernández , Dereito
Ángel Vidal , Filoloxía Clásica	Marcos Rodríguez , Inxeñería Informática
Antía López , Física	María Seoane , Diplomada en Maxisterio
Antonio Cabrera , Medicina	Mariña Palacios , Secundaria
Artur Vazquez , Secundaria	Maritza Ruan , Farmacia
Brais Palmeiro , Licenciado en Física	Marta Sandoval , Economía
Carmen Jorge , Física	Mateo Fernández , Física
Catuxa Prieto , Secundaria	Noa Calvo , Secundaria
Catuxa Rodríguez , Secundaria	Oscar Vicente Contreras , Licenciado en Filosofía
Cecilia Torres , Traballo Social	Pablo Fernández , Música
Clara Copena , Comunicación Audiovisual	Erea Blanco , Filoloxía
Clara Ponce , Filoloxía	Paula Fandiño , ADE
Daniel Cabaleiro , Física	Ricardo Rodiño , Química
Daniel López , Música	Rocío Rodríguez , ADE
Dario Neira , Secundaria	Rocío Vazquez , Doutorado en Pediatría
Diego Lorenzo	Ruth Salgado , Traballo Social
Eloy Pazos , Secundaria	Sabela Fernández , Física
Érica Santiago , Licenciada en Historia	Santiago Buján
Ilduara Vicente , Lingua e Literatura Modernas	Sara Fernández , Psicoloxía
Ingrid Gjermstad , Licenciada en Arquitectura	Sergio Rodríguez , Secundaria
Iria Salvadó , Licenciada en Química	Tania Viqueira , Medicina
Jesús Romeo Mogo , Secundaria	Uxia Caneda , Secundaria
José Ignacio , Secundaria	Uxia García , Comunicación Audiovisual
Laura García , Licenciada en Farmacia	

PROFESORES PARTICIPANTES

Enrique Roca , Real Filharmonía de Galicia	Fernando Rey , Escola Municipal de Música de Santiago
Anne Schlossmacher , Real Filharmonía de Galicia	Guillermo Alzugaray , Escola Municipal de Música de Santiago
Antía García , CMUS Cambados	Victor Collazo , Escola Municipal de Música de Santiago
Roberto Santamarina , CMUS Santiago	
Iago Lariño , CMUS Pontevedra	

Mario Diz, Director da Orquestra do Espazo de Cámara

Dende o ano 2010 é director do Espazo de Cámara da USC proxecto que vincula aos estudantes universitarios con formación musical a diferentes actividades relacionadas coa mesma tomando como eixo central a práctica orquestral.

Discípulo do mestre Antón García Abril no eido da composición; exerce dende os últimos anos unha intensa actividade compositiva para diferentes agrupacións musicais profesionais e didácticas, entre as que caben salientar estreas absolutas nos últimos dous ciclos das Xornadas de Música Contemporánea e o encargo de tres pezas para banda por parte da Banda Municipal de Santiago de Compostela.

Compuso diferentes pezas para multitude de agrupacións de música de cámara nas que ten unha mención especial a estrea e gravación por parte da laureada cantante Nuria Lorenzo do ciclo de cancións de berce "Tódolos menos soñan" para a formación de viola, arpa e mezzo-soprano entre outras.

É membro do equipo directivo da EMM de Santiago de Compostela onde exerce como profesor de violín e viola, a súa paixón pola didáctica destes instrumentos reflíctese na súa recente publicación do libro "Mi primer violín" para iniciación do violín en idades temperás, e en numerosos estudos comparados sobre as diferentes metodoloxías do ensino da corda friccionada.